

MEMORIA DE ACTIVIDADES CEGASAL 2018

*A asociación empresarial da economía social e o
emprego protexido*

Relación de actividades realizadas pola asociación empresarial galega de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, CEGASAL, durante o período xaneiro a decembro de 2018.

CEGASAL

rúa Modesto Brocos Nº 7, Bloque 3 Baixos. 15704 Santiago de Compostela, A Coruña – Páxina Web: www.cegasal.com – Correo electrónico: info@cegasal.com – Tlf.: 673042029 – Redes sociais



ÍNDICE

- I. INTRODUCCIÓN**
- II. INFORMACIÓN CORPORATIVA**
- III. CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO ASOCIADOS**
- IV. ACTIVIDADES REALIZADAS**
- V. FINANCIAMIENTO PÚBLICO PERCIBIDO**
- VI. LISTADO DE ACTUACIONES**

Memoria de actividades CEGASAL 2018

I. Introducción

A integración das persoas con discapacidade no mercado laboral é un dos principais obxectivos das políticas de emprego, sendo prioritario o seu acceso ao mercado laboral ordinario, realizando accións que actúen contra os problemas de discriminación, a eliminación de barreiras de entrada e polo incentivo e sensibilización do empresariado.

Máis existe un espazo propio denominado emprego protexido, no que o papel dos centros especiais de emprego é imprescindible, para xerar oportunidades laborais a persoas con discapacidade que non acceden ao mercado laboral, xerar oportunidades de tránsito e profesionalización e desenvolvemento de capacidades, e permitir o dereito ao traballo dun gran número de profesionais.

Ditos espazos son a día de hoxe un motor de emprego, riqueza e crecemento sostible, representativo da economía social que debe ser potenciado e profesionalizado, así como apoiado por organizacións creadas para representar e defender estas iniciativas.

Sendo Galicia unha das comunidades autónomas que apostan por un emprego protexido de calidade e diferenciado, ao distinguir aos centros especiais de emprego de iniciativa social no seu rexistro, é necesario que as organizacións creadas polas citadas iniciativas ocupen parte das súas actividades a poñer en valor os principios, valores e modos de traballar das mesmas.

Un ano máis, Cegasal, consciente das dificultades que atravesan as iniciativas asociadas, apostou por continuar ao seu lado, priorizando aspectos que xeran entornos máis favorables para os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, tanto nos aspectos comerciais, como institucionais, comunicativos e promocionais.

II. Información corporativa

Presentación, organigrama, recursos humanos e instalacións

CEGASAL nace no ano 1997 pola necesidade dun grupo de entidades do Terceiro Sector do movemento asociativo de persoas con discapacidade, de dar resposta ás necesidades de emprego do colectivo. Para o cal puxeron en marcha un conxunto de iniciativas empresariais sen ánimo de lucro, baixo o amparo legal previsto na Lei de Integración Social das Persoas con Discapacidade, actualmente refundida xunto con outras normas que proclaman e protexen os dereitos das persoas con discapacidade, no Real Decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

O obxectivo era dar efectividade á previsión da fórmula do emprego protexido para persoas con discapacidade a través da creación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e de iniciativa social e defender os intereses comúns dos mesmos, tanto dende a vertente social pola que foron creados, como da vertente empresarial que comparte co resto de empresas do sector produtivo ao que pertencen.

Así, un grupo de cinco centros especiais de emprego decidiron constituír esta asociación empresarial.

A finalidade dos centros especiais de emprego é asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade, á vez que ser un medio de inclusión do maior número de persoas no réxime de emprego ordinario. E esta finalidade alcánzase mediante a realización no centro especial de emprego dunha actividade produtiva de bens ou servizos, participando regularmente nas operacións do mercado, a través da prestación de servizos de axuste persoal e social que requiran as persoas traballadoras con discapacidade do centro, segundo as súas circunstancias e características.

CEGASAL ten unha estrutura similar a de calquera asociación empresarial, pero as persoas integrantes responden á misión da organización.

Recente modificación estatutaria

Durante o ano 2017, para dar maior cobertura á súa actividade, realizouse unha modificación estatutaria que actualizou termos e aclarou conceptos. Nesta actualización, conforme ao procedemento de depósito de estatutos, foron incrementados os fins e, a nivel organizativo, establecéranse como órganos de representación e goberno da entidade os seguintes:

- Asemblea Xeral, constituída por tódolos membros con cotas satisfeitas e as persoas integrantes da Xunta Directiva. É o órgano máximo de goberno de Cegasal.
- Xunta Directiva, órgano encargado da dirección, goberno e administración da asociación.
- Comité Executivo, de carácter técnico.
- Órgano de Control e supervisión, de carácter consultivo.

Para dar cumprimento aos fins da entidade, organizamos unha estrutura baixo parámetros da Lei 19/1977, de 1 de abril, reguladora do Dereito de Asociación Sindical, no que a Asemblea Xeral formada por todos os membros da organización, asume funcións sobre a entidade que son executados polas áreas de xestión e baixo as indicacións da Xunta Directiva e o Presidente en representación da entidade.

A idiosincrasia de CEGASAL adoptou a necesidade de crear un Órgano de Control e Supervisión específico no cal participasen as entidades promotoras dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro de cara a preservar a finalidade dos mesmos, de garantir a adecuación das actuacións ás políticas activas de emprego dirixidas ás persoas con discapacidade e no seu caso, de manter un contacto continuo e directo coa realidade das persoas con discapacidade e as súas familias.

CEGASAL conta con instalacións na rúa Modesto Brocos, nº 7 bloque 3 baixos, 15704 en Santiago de Compostela, cun despacho habilitado e equipamento informático, así como autorización de uso da liña telefónica, acceso a internet e unha centraliña compartida.

A nivel de recursos humanos, contou cunha axente de emprego contratada, que realiza as xestións encargadas pola dirección e as accións de promoción económica e de fomento do emprego que pon en marcha a entidade.

Dende o ano 2008, Cegasal incrementou a súa interlocución con axentes empresariais, sociais e institucionais, e actualmente está presente nos órganos de dirección da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), e dende o ano 2013, na directiva e comité executivo da Confederación de Empresarios da Coruña (CEC).

É membro activo de grupos de traballo e organismos institucionais, ben de modo directo ou a través das organizacións das que forma parte.

Organismos nos que Cegasal está presente

Os organismos nos cales está presente Cegasal a través dos seus representantes e dos cales derivan xuntanzas de traballo e elaboración de tarefas ou accións, son os seguintes:

Organizacións empresariais

- Confederación de Empresarios de Galicia, CEG: Entidade membro, Comisión de Economía, Xunta Directiva e Comité Executivo.
- Confederación de Empresarios de A Coruña, CEC: Entidade membro, Comité Executivo, Xunta Directiva e Consello de Presidentes.
- Federación Empresarial Española de Asociacións de Centros Especiais de Emprego, FEACEM: Socio autonómico, Xunta Directiva.
- Asociación Empresarial de Centros Especiais de Emprego de Cocemfe, AECEMCO: Entidade coa que colaboramos directamente, por mor de que os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados son membros directos. Actualmente, o vicepresidente de Cegasal preside AECEMCO.
- Circulo de empresarios de Galicia

Entidades sociais

- Foro pola economía social Galega

Redes de apoio

- Rede EUSUMO: Cegasal forma parte como entidade colaboradora.

Organismos públicos

- Consello Galego de Relacións Laborais: Participa o vicepresidente de Cegasal no mesmo a través da CEG.

- Consello Galego de Acción Voluntaria: Participa Cegasal no mesmo a través da CEG.
- Consello Galego de Benestar Social: Participa o vicepresidente de Cegasal no mesmo a través da CEG.
- Observatorio de dinamización demográfica: participa Cegasal como representante da CEG.
- Consellería de Economía, Emprego e Industria: Comité de Seguimento de Contratos reservados. A través do presidente e/ou vicepresidente de Cegasal.

Mantívose dende Cegasal un contacto permanente con entidades sociais de defensa dos dereitos de persoas con discapacidade, sexan ou non promotoras de centros especiais de emprego de iniciativa social, a fin de dotar de lexitimidade a estas iniciativas e establecer canles de colaboración e comunicación continua. Considérase que os centros especiais de emprego sen ánimo de lucro han de combinar a súa actividade cos lexítimos intereses das entidades sociais promotoras e conforme aos fins e obxectivos que sustenta a organización.

A través das tarefas de interlocución, alcanzouse un posicionamento de Cegasal a través do seu presidente moi relevante no mundo empresarial, liderando a portavocía das asociacións empresariais sectoriais integradas na Confederación de Empresarios de Galicia. Dita portavocía permite, ademais, traballar man a man co empresariado, alcanzando así a proximidade e contacto directo necesario para facerlles chegar a mensaxe que se quere transmitir dende Cegasal, tanto en beneficio das persoas con discapacidade e a súa empregabilidade e acceso ao mercado de traballo, como no interese socioeconómico das iniciativas de economía social que representan.

Obxectivos

Durante o ano 2018 seguiuuse unha liña continuísta na súa actividade e as accións realizadas responderon ás necesidades de actuación da entidade para dar cumprimento aos obxectivos que se definen a continuación, que son os mesmos que se estableceron dende as liñas de dirección da organización:

- Informar e asesorar de xeito integral as persoas, entidades, centros especiais de emprego asociados e outros axentes que contactaron con Cegasal
- Mellorar a interrelación dos centros especiais de emprego asociados e o resto de axentes da contorna.
- Contribuír á proxección e posta en valor do sector da Economía Social na opinión pública, tanto a nivel social, empresarial como institucional, entre outros, a través dos medios de comunicación.
- Visibilizar e potenciar cadeas de valor responsable cos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.
- Promover a responsabilidade social empresarial (creación da Rede Cegasal Inclúe)

- Fomentar a contratación de persoas con discapacidade, tanto no mercado protexido como na empresa ordinaria
- Realizar tarefas de representación institucional, diálogo social e potenciar a interlocución con axentes colaboradores.
- Promover a implementación da Axenda para o Emprego: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Promover a implementación da Estratexia Galega de Discapacidade 2015-2020: Apoiar e colaborar na consecución dos obxectivos e retos previstos, como axente colaborador da mesma.
- Mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade e facilitar o seu acceso ao mercado laboral.
- Potenciar a relación e coordinación con redes que perseguen obxectivos semellantes, en distintos ámbitos.

Destacamos ao longo do ano, como **puntos fortes da actividade da entidade**, a colaboración que mantivemos cos distintos axentes empresariais, cos axentes do eido educativo, cos representantes institucionais de varios ámbitos e cos actores que facilitan os cambios no actual panorama económico, social e político.

Poñemos en valor que as actuacións realizadas contan coa implicación, tanto no seu deseño como na execución e participación dos organismos ou entidades da contorna, de actores sociais presentes no territorio, e de outras institucións que a criterio de Cegasal eran importantes de cara a alcanzar un impacto óptimo na promoción das entidades da economía social e do emprego das persoas con discapacidade e o desenvolvemento do emprego e a economía galega . Así, observárase que nas actividades colaboraron con Cegasal varios organismos e institucións.

A través das actividades de apoio prestado aos centros que o solicitaron, facilitouse o mantemento das 1.234 persoas con discapacidade que traballan nos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados.

Destacamos a teima de Cegasal por seguir na senda de diferenciar aqueles centros especiais de emprego sen ánimo de lucro ou de iniciativa social, como verdadeiras entidades da economía social que responden aos principios orientadores da mesma. Rexeitamos por tanto, a tendencia de dotar do mesmo marco, a aqueles centros que non ostentan dito carácter, e transmitimos dita visión.

A nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, entre outras cuestións introduce a prohibición de contratar co Sector Público a aquelas empresas de máis de 50 empregados que non cumpran coa cota legal do 2% de persoas con discapacidade nas súas plantillas, a posibilidade de incorporar de maneira transversal e preceptiva cláusulas sociais así como a reserva dun porcentaxe mínimo de determinadas actividades a Centros Especiais de Empleo sen ánimo de lucro e Empresas de Inserción. Con esta nova lei, recoñécese finalmente a

diferenza entre CEE con ánimo de lucro e sen ánimo de lucro, obxectivo perseguido dende o nacemento de Cegasal.

Durante o 2018, reiteramos o traballo de fomentar o cumprimento da reserva de contratos públicos para centros especiais de emprego, non só como cumprimento legal senón como aposta por ter unha administración pública mais comprometida e responsable.

Apostamos por continuar na senda da visibilización contratando servizos profesionais que permitan alcanzar un posicionamento estratéxico de Cegasal, dos centros de iniciativa social e das capacidades das persoas con discapacidade. Obtivemos maior visibilidade, facilitamos o contacto, o coñecemento e o acceso á nosa organización así como sensibilizamos ao empresariado sobre as capacidades laborais das persoas con discapacidade.

Optimizamos recursos e a redes nas que está integrada a organización Cegasal, apostando polo día a día e o contacto continuo, e creamos sinerxías e lazos que seguen a fortalecerse de xeito continuo.

III. Centros especiais de emprego

En Galicia segundo datos extraídos da páxina web da Consellería de economía, emprego e industria elaborada pola Xunta de Galicia, existen 106 centros especiais de emprego rexistrados no rexistro administrativo galego, aínda que recentemente dous CEE perderon a súa cualificación. Observamos que do total de centros especiais de emprego rexistrados, 35 pertencen a entidades de iniciativa social, dos cales 26 pertencen a CEGASAL, case un 75% do total. Os CEEs galegos dan traballo a aproximadamente 2500 persoas con discapacidade.

Isto supón que o 33,01% dos centros rexistrados, son centros especiais de emprego que contan coa cualificación de “centros sen ánimo de lucro”, ao concorrer neles, unha serie de requisitos de titularidade, límites no reparto de beneficios derivados da actividade económica que realizan, e o destino que ha de ter dito reparto, entre outras previsións legais, que dende o ano 2005 a Xunta de Galicia concretou a través do Decreto 200/2005.

C.4 CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO: NÚMERO DE CENTROS POR TIPOLOXÍA E CADRO DE PERSOAL CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIAS. DATOS O 31 DE DECEMBRO DE 2014.

PROVINCIAS	TIPO DE CENTRO			CADRO DE PERSOAL CON DISCAPACIDADE		
	De iniciativa social	De iniciativa empresarial	Total	Mulleres	Homes	Total
A Coruña	44	20	64	448	781	1.229
Lugo	11	5	16	26	63	89
Ourense	8	2	10	120	126	246
Pontevedra	18	11	29	179	207	386
GALICIA	81	38	119	773	1.177	1.950

Fonte: Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, Consellería de Traballo e Benestar.

En base os datos recollidos no cadro anterior, a 31 de decembro de 2014 Cegasal contaba con 18 centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, ostentando en cuanto o número de empresas, a representación superior ao 22% (22,22%).

Se atendemos ao cadro de persoal, a 31 de decembro de 2014, a estratexia identifica un total de 1.950 persoas con discapacidade traballando nos 119 centros especiais de emprego. Por esas datas, os centros especiais de emprego asociados a Cegasal, manifestaban contar con 754 persoas con discapacidade traballadoras, que supón un 38,66% das persoas con discapacidade traballadoras en centros especiais de emprego.

Isto conleva destacar, que con 18 centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados en 2014, se representaba case a metade das persoas traballadoras con discapacidade dos centros especiais de emprego inscritos en Galicia, e pónse de manifesto a realidade, de que son os centros especiais de emprego de iniciativa social os que están a xogar un papel máis relevante na creación e mantemento do emprego das persoas con discapacidade nesta comunidade autónoma. Eses 18 centros abarcan máis de 14 sectores produtivos, como artes gráficas, alimentación, téxtil, ou atención sociosanitaria, entre outros.

Neste ano 2018, a entidade contou con 26 centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados, espallados polas catro provincias galegas e identificados a continuación:

CEE DE CEGASAL A 31-12-2018	
DENOMINACIÓN SOCIAL	DIRECCIÓN CENTRO
ASOCIACION AMBAR ACCION SOCIAL	C/ carreira de San Roque , Ribeira, (A Coruña)
ILUNION SERVICIOS INDUSTRIALES, S.L.	C/ Redondela, 1, C.P. 32911 San Cibrao das Viñas (Ourense)
	C/ Escultor Gregorio Fernández, 6, C.P. 36204 Vigo (Pontevedra)
ILUNION RETAIL & COMERCIALIZACIÓN, S.A.	Hospital Arquitecto Marcide (Tenda) C.P. 15405 El Ferrol (A Coruña)
	Avenida Camiño Francés, Local 149, C.P. 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

	C/ Meixoeiro, s/n, C.P. 36200 Vigo (Pontevedra)
	Rúa Hospital do Salnés, 30, C.P. 36619 Vigo (Pontevedra)
	Estrada Clara Campoamor, 341, C.P. 36312 Vigo (Pontevedra)
ILUNION SALUD, S.A.	C/ Palmar, 10, C.P. 15004, A Coruña
	Carretera de Catabais, 623, C.P. 15405 El Ferrol (A Coruña)
ILUNION LAVANDERÍAS, S.A.	C/ Vía Pasteur, 17 (P.I. Tambre), C.P. 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)
ILUNION CEE LIMPIEZA Y MEDIOAMBIENTE, S.A.	C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña
	C/ García Abad, s/n; C.P. 27004 Lugo
	Avenida La Habana, 34; C.P. 32003 Ourense
	C/ Escultor Gregorio Fernández, 14, C.P. 36204 Vigo (Pontevedra)
ILUNION CEE OUTSOURCING, S.A.	C/ José Luís Bugallal Marchesi, 9, C.P. 15008 A Coruña
ASOCIACIÓN INSERTA EMPLEO	Plaza de Europa 15 A -2ªplanta (CC Area Central) 15707 Santiago de Compostela
	Rúa Cantón Grande 3 1ª planta 15003 A Coruña

	C/ Gran Vía, 16, C.P. 36203 Vigo (Pontevedra)
GRAFINCO	Rúa da Luz, 4 - FINGOI, LUGO
COREGAL	Rep. Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela
	Polígono espiñeira, Parc. 28, Boiro, A Coruña
	C/. Titanio, D 5 - Pol. Bertoa, Carballo, A Coruña
	R/Arrieiros, H1 PG. Rio do Pozo, Ferrol, A Coruña
	Avda.. De Peinador, 27 Tameiga, Mos, Pontevedra
DIXARDIN	LG. A Pedra - Nanton, Cabana de Bergantiños, A Coruña
	Rúa Xesta, 73-B, P.Empr.Milladoriro , Santiago, A Coruña
	LG. A Robaleira-Abelleria, Muros, A Coruña
	LG. Ponte do gato - Rendal, Arzúa, A Coruña
HORNOS LAMASTELLE	Avd/ Rosaia de Castro, 12, A Coruña
ACCEDE	Rep.Checa, 17 - Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
TRAMEVE	Vía La Cierva, 90 Pol. Tambre, Santiago de Compostela, A Coruña
GES	Rep.Checa, 17-P.E. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
ARTEGALIA	Lg. A robaleira - Abelleria, A Coruña
INTEGRA-TEX	C/ Fonteiriña, 4, Allariz, Ourense
	C/ Fonteiriña, 5, Allariz, Ourense
	C/ Real, Nº 82 Ferrol, A Coruña

AIXIÑA	c/Recaredo Paz, 1, (Finca sevilla), Ourense
	Praza Maior, 12, Ourense
ACTIVA SOCIAL E.T.T., S.L.	Rúa Dublin,3, Baixo, Santiago de Compostela, A Coruña
MAIS PORVIR XESTIÓN SOCIAL, S.L.	Centro de recursos de Nantón Lugar da Pedra, 30, Cabana de Bergantiños, A Coruña
VIVEIROS VALADARES, S.L.	Lamas de Castelo, Carnota, Lugar de Touzas, S/N, Valadares, Outes, A Coruña
EMPREGO SOCIAL, S.L. (EMSO)	Rúa das Rúas,3,Baixo Cambre, A Coruña
PRODUCTORES DE CARNE DA RIBEIRA SACRA, S.L.	Carretera de Currelos ,S/N,Monforte de Lemos, Lugo
COMBINA SOCIAL	Rúa República Checa, 17, 1º, Pol. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
	Rúa República Checa,52, 1º, Pol. Costa Vella, Santiago de Compostela, A Coruña
	Rúa Talud,4, Lugo
ASOCIACION COMPOSTELANA DE AUTOTAXI	Praza Camilo Díaz Valiño, S/N. Estación de autobuses, Santiago de Compostela, A Coruña
I-LAB	C/Rafael ALberti,10, Bajo, A Coruña 15008.

Táboa 1: Relación de CEEis e centros de traballo

Se atendemos os centros de traballo, CEGASAL conta con 4 centros situados na provincia de Lugo, 6 centros situados na provincia de Ourense, 8 centros situados na provincia de Pontevedra e 31 situados na provincia da Coruña.

En relación ás persoas e/ou entidades que foron beneficiarias das actividades realizadas por Cegasal destacamos a tipoloxía das mesmas:

Persoas con discapacidade; organizacións empresariais sectoriais; entidades sociais, promotoras ou non de centros especiais de emprego; os centros especiais de emprego asociados; os centros especiais de emprego non asociados; autoridades políticas; persoas sen discapacidade; estudantado universitario; profesionais ; persoas en situación de desemprego e/ou demandantes de emprego; persoas traballadoras ocupadas; entidades e persoas responsables de entidades da economía social e outros axentes.

IV. Actividades realizadas

ENCONTROS

Na liña de anos anteriores durante este período, diseñouse, organizouse e executáronse os seguintes encontros empresariais, nos que se abordaron diversos aspectos de interese para acercar a realidade dos centros especiais de emprego de iniciativa social, promover a contratación de persoas con discapacidade e potenciar a economía social, así como posicionar os distintos sectores na realidade económica de Galicia xunto co resto do empresariado.

I FORO sectorial e industria:

Cegasal participou no I Foro Sectorial e Industrial de Galicia en Santiago de Compostela xunto a un gran número de asociacións empresariais, neste espazo de encontro abordouse en detalle a situación actual dos sectores máis representativos de Galicia.



Encontro REDE CEGASAL INCLÚE

En xuño do 2018, creouse a *REDE CEGASAL INCLUE* como punto de encontro e colaboración de empresas e entidades para as que as persoas con discapacidade se encontran entre os seus grupos de interese, é dicir, manteñen un compromiso con este colectivo na súa xestión, ben como empregadores e/ou compradores, provedores de produtos e servizos,...

A *REDE CEGASAL INCLÚE* nace para dar a coñecer boas prácticas e fomentar unha nova cultura empresarial inclusiva que entende a diversidade como un activo xerador de valor social e económico.

A *REDE CEGASAL INCLÚE* pretende visibilizar a empresas e entidades referentes en Galicia, responsables e comprometidas coa igualdade de oportunidades, que co seu bo facer contribúen ó cambio social e á participación das persoas con discapacidade no noso territorio.

Cegasal reuniu a todos os empresarios membros da *REDE CEGASAL INCLÚE* nunha xornada na que foron recibidos polo presidente do Parlamento Galego, entre outras actividades.

ACTIVIDADES

Durante o ano 2018 Cegasal estivo presente en xuntanzas e eventos de diversa índole, a fin de dar visibilidade á Economía Social, aos centros especiais de emprego de iniciativa social, polo que mantivo actividades con entidades sociais, con entidades promotoras de centros especiais de emprego, con outras organizacións empresariais afíns, con entidades coas que forman parte, ou ben xuntanzas con organizacións do sector da discapacidade.

Cegasal, a través dos seus representantes, está presente e participa en distintos organismos oficiais e noutras organizacións empresariais de carácter estatal, autonómico e provincial.

Dentro dos servizos que presta Cegasal, ten subscritos ou é beneficiaria de varios convenios de colaboración dos que derivan diversas accións ou vantaxes para as empresas asociadas. Durante este ano asinou un Protocolo de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (CEGASAL), para a realización de actividades de asesoramento e apoio na inserción laboral na Administración do Parlamento de Galicia, de persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social.




A través da actividade institucional, xorden xuntanzas bilaterais e alcánzanse os contactos de colaboración e promoción que redundan nos intereses do sector e do grupo social para o que traballamos.

Por outra banda, xestiónanse aquelas peticións de apoio político comercial, que se solicitan a Cegasal por parte das empresas asociadas.

A actualidade do país, ca nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, conlevou xuntanzas de índole política cos diferentes representantes e candidatos, de cara a buscar alianzas coas distintas administracións para fomentar o cumprimento da nova lei.

Destacamos obxectivos alcanzados: Promoción da economía social, a responsabilidade social, o mercado protexido e mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade; xeración de contactos e colaboracións.

Destacamos as actividades e xuntanzas a nivel institucional nas que interveu Cegasal, a través do seu representante.



Rolda institucional:

Durante este ano foron varias as xuntanzas integradas nesta rolda institucional, solicitouse xuntanza con todas as administraci3ns galegas e expuxose o plan de actividades da entidade, así como ás petici3ns concretas do sector e se deu visibilizaci3n do mercado protexido naquelas nas Cegasal foi recibido. Por outra banda, buscouse entre as administraci3ns aliados para o cumprimento da nova Lei 9/2017 de Contratos do Sector P3blico, na que finalmente se recolle a diferenza entre centros especiais con e sen ánimo de

lucro (teima de CEGASAL dende os seus inicios). Con motivo da xuntanza, documentación que foi entregada así como a guía de empresas que elabora Cegasal coa relación de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro asociados, a fin de potenciar a contratación reservada a este tipo de iniciativas empresariais.

Algunhas delas foron:

- Reunión coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, tanto co responsable da mesma como coa Secretaría Xeral de Emprego e Subdireccións Xerais.
 - Reunión co presidente do Parlamento galego.
 - Reunión coa Consellería de Sanidade, de Política Social, do Mar, de Medio Rural, Educación, Infraestruturas, Facenda e Cultura, dende os propios conselleiros ás distintas dirección xerais como as entidades adscritas.
 - Reunión co delegado e subdelegados provinciais do goberno.
 - Reunións coas Deputacións provinciais
 - Reunións cos principais concellos galegos: Ferrol, A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela e Vigo, entre outros.
 - Reunión coa FEGAMP.
 - Reunión co Arcebispado de Santiago
 - Reunión coas Universidades.
- Ademais dos obxectivos xerais anteriores, tamén se aproveitou para é coñecer o censo de persoas con discapacidade estudantes, dar a coñecer Cegasal e os centros especiais de emprego e a economía



Participación en eventos de debate e tribuna política

Ao longo do ano Cegasal estivo presente nos actos organizados pola Tribuna política, Fórum Europa en Galicia, na cal participou maioritariamente, algúns dos poñentes foron Miguel Santalices, Presidente del Parlamento de Galicia, Jesús Vazquez, alcalde de Ourense, Rosa Quintana, Conselleira del Mar de la Xunta de Galicia, Luis Villares, voceiro de en Marea, Lara Méndez, Alcaldesa de Lugo, entre outros.



2ª Exposición fotográfica “o Poder do traballo

Levou a cabo a 2ª Exposición fotográfica “o Poder do traballo” sobre os centros Especiais de Emprego e os seus traballadores coa finalidade de dar a coñecer o traballo realizado por Cegasal nos seus centros especiais de Emprego e dar visibilidade o emprego de algunhas persoas con discapacidade e ilusión coa que desenvolven a súa actividade profesional. Nun primeiro momento estaba pensado que fose presentado de forma itinerante en distintas cidades galegas ao longo dunhas próximas semanas, finalmente instalouse no Hotel Porta do camiño, de Santiago de Compostela.



II premio CEGASAL de xornalismo en Economía Social e Emprego de persoas con Discapacidade

O mesmo día, tamén foi outorgado o II premio CEGASAL de xornalismo en Economía Social e Emprego de persoas con discapacidade no que se fixo un recoñecemento ós tres xornalistas que máis axudaron a visualizar a economía social a través do seu traballo. Sabela Corbelle, redactora do Progreso, e Jéssica Pintor e Rubén Milego, redactora e cámara,

respectivamente, de Informativos Fin de Semana da TVG, foron os gañadores este ano nas dúas categorías do premio



Ademais foron premiados Supermercados Froiz, D.X. de xuventude e o concello de Rianxo pola súa contribución coa economía social.



Constitución do FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

Despois das xuntanzas celebradas o 15 de xullo o 25 de outubro e o 1 de Nadal de 2017; as entidades que a continuación se relacionan como organizacións máis representativas das diferentes familias que conforman a economía social en Galicia: AEIGA, Asociación de empresas de inserción de Galicia, AESGAL, Agrupación empresarial de sociedades laborais de Galicia, AGACA, Asociación galega de cooperativas agroalimentarias, CEGASAL, Asociación galega de centros especiais de emprego e ESPAZO COOP, Unión de cooperativas de Galicia acordaron constituír o FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA como un espazo de encontro que represente a todas as entidades da economía social Galega e que busca o desenvolvemento da economía social galega.

O 13 de marzo do 2018, máis de 150 persoas, entre autoridades, representantes empresarias, sindicais, de entidades financeiras e das universidades galegas, participaron na presentación do nacente Foro por la Economía Social de Galicia.



Os representantes das entidades que conforman o FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA reúnense con distintas autoridades para darllo a coñecer, entre eles o presidente do Parlamento, Excmo. Miguel Santalices, a presidenta do CES, Corina Porro, entre outros.



O longo de todo o ano, e no marco do FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA celebráronse distintas xuntanzas e actividades para fomentar e visibilizar a economía social galega, como meetings de economía social ou xornadas de formación.




OPORTUNIDADES PARA AS ENTIDADES DA ECONOMÍA SOCIAL

OBRAIDROIRO NOVA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO

Inscripcións en: **26 de xuño de 2018**
infoaelsa@gmail.com
 881 957 452

FACULTADE DE CC. ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
 AVDA DO BURGOS 5/N - CAMPUS NORTE
 Santiago de Compostela
 Aula 9

Tes vendeltes gratuíta!

(10:00 - 14:30): Obradoiro. Facilitar o coñecemento para aproveitar o potencial e as oportunidades no ámbito de contratos públicos: análise, requisitos, preparación e presentación da documentación.
 Juan Carlos Romer Vilas: Fuxco Consulting, asesor en contratación pública.



Visitas institucionais a centros especiais de emprego

Durante o período de execución realizáronse xestións para organizar visitas institucionais a centros especiais de emprego asociados. Realizáronse as xestións oportunas, organización e difusión necesarias e obtivemos os seguintes resultados. Este ano, a secretaria xeral de emprego, Dña. Covadonga Toca, visitou Trameve, un centro especial de emprego especialista na venda de repostos para vehículos. Covadonga Toca aproveitou para informar que a Administración Autonómica investirá 12,4 millóns de euros na creación e mantemento de postos de traballo nos centros especiais de emprego.



ACTIVIDADES PARTICIPATIVAS E REINVINDICATIVAS

Durante o ano 2018 Cegasal estivo presente en xuntanzas e eventos de diversa índole a fin de dar visibilidade á Economía Social, aos centros especiais de emprego de iniciativa social, polo que mantivo actividades con entidades sociais, con entidades promotoras de centros especiais de emprego, con outras organizacións empresariais afíns, con entidades coas que forman parte, ou ben xuntanzas con organizacións do sector da discapacidade.



Un dos mais salientables foi a xornada de “Los compromisos sociales de la Nueva Ley de Contratos del Sector Público” celebrada en Madris, a que asistirón distintos representantes de Cegasal e na que estivo presente o ex-presidente do goberno Rodríguez Zapatero.



Tamén se participou en encontros empresariais con outras organizacións empresariais en colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña, do Círculo de Empresarios de Vigo, e da Confederación de Empresarios de Galicia, principalmente.

O Presidente de Cegasal impulsa a actividade da Comisión de Economía da Confederación de Empresarios de Galicia, co fin de apoiar o movemento asociativo empresarial, como organización sectorial que está presente nunha organización empresarial de peso institucional e político e modo de trasladar as inxerencias do sector de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

Finalmente, asistiu ás distintas xuntanzas de órganos das Confederacións nas que está Cegasal integrada (CEG (Asemblea, Comité Executivo e Xunta Directiva), CEC (Asemblea, Comité Executivo e Xunta Directiva e Consello de Presidentes), FEACEM (Asemblea, Xunta Directiva), AECEMCO (Asemblea), COGAMI (Asemblea e Comisión sociosanitaria) e outros creados no marco destas organizacións (Comisión de Economía da CEG), o Consello Galego de Benestar Social (CEG).



Posicionamento comercial nos mercados

Cegasal aposta por reforzar o papel comercial dos centros especiais de emprego, polo que realiza accións que facilitan o posicionamento dos mesmos, nos distintos mercados, segundo as peticións e intereses de cada iniciativa.

Cegasal púxose a disposición das iniciativas asociadas, para atender peticións individualizadas (peticións de apoio político*) e a nivel grupal deuse visibilidade á realidade do mercado protexido de interese social.

ACTIVIDADES DE LIDERADO EMPRESARIAL

Cegasal quixo neste ano 2018 aproveitar o posicionamento que ostenta e xerar lazos que favorezan a colaboración empresarial que redundan en beneficio do emprego protexido e as persoas con discapacidade, directamente ou a través dos centros especiais de emprego asociados.

Para iso, desenvolvéronse diversas actividades dirixidas a posicionar o papel das asociacións empresariais sectoriais, facilitou xestións que mellorasen o posicionamento comercial dos centros especiais de emprego nos mercados, e mellora do posicionamento da economía social e responsabilidade social empresarial.

Audiencias no marco das Universidades

Durante o período foron solicitadas as xuntanzas con diversas persoas responsables de distintas Facultades do Sistema Universitario de Galicia.

Xuntanzas no marco da confederación de empresarios de Galicia e a confederación de empresarios de a Coruña

Cegasal conta coa presenza na CEG como membro de pleno dereito ostentando dúas vogaliñas.

Ao mesmo tempo o Presidente de Cegasal forma parte dos órganos de dirección da Confederación de Empresarios de Galicia (Xunta Directiva, Comité Executivo) e lidera ás organizacións sectoriais integradas.

A nivel institucional, Cegasal participa en diversos órganos de representatividade institucional que son de interese e que permiten a participación da organización na elaboración de documentación, e programación institucional.

No marco da CEC, participa na xunta Directiva, Comité executivo e Asemblea.

A raíz desa presenza, durante o período participouse en:

- Xuntanzas do órganos directivos: Asistencias confirmadas previa convocatoria recibida.
- Asemblea Xeral Extraordinaria: Asistencia confirmada previa convocatoria recibida.
- Asemblea Xeral Extraordinaria Electoral: Asistencia confirmada previa convocatoria recibida
- Participación en órganos de representación institucional nos que Cegasal é titular ou suplente

Actividades asociativas

Ao longo do período Cegasal mantivo as xuntanzas propias de directiva, así como as xestións oportunas de documentación asociativa.

Realizáronse propostas de proxectos, xestión de subvencións e actividades de tipo documental para manter actualizada a entidade:

- Resposta ás peticións doutras organizacións como AECEMCO, AEDIS, ANFACO, APREVAR.
- Xestións con entidades financeiras, como Banco Sabadell, BBVA, Banco Santander, etc.
- Actualización de información de empresas asociadas, principalmente con datos de nivel de emprego, convenios colectivos de aplicación, actividades e servizos prestados, nivel de contratación coas Administracións Públicas, etc.

ACTIVIDADES PROMOCIONAIS**Campaña de comunicación**

Contratouse unha campaña de comunicación para Cegasal ao longo do ano para dar maior visibilidade da organización e incidencia na opinión pública sobre o emprego das persoas con discapacidade, a economía social, a responsabilidade social empresarial, os centros especiais de emprego entre outras. Dita campaña que contribúe e complementa as tarefas de difusión que se realizan a nivel xeral pola organización, denominouse “Asesoramento en Comunicación para a promoción de centros especiais de emprego”, e foi concertada coa profesional Mar Bermúdez Pérez. Colexiada número 0779 del Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, que conta coa experiencia e traxectoria necesarias para garantir a maior eficacia.

A campaña buscaba o relanzamento e posicionamento estratéxicos nas materias propias commmo é o sector dos centros especiais de emprego de iniciativa social, o emprego das persoas con discapacidade, a economía social ou a responsabilidade social empresarial enre outras.

Incorporou durante os meses nos que estivo vixente os seguintes servizos: notas de prensa, entrevistas, reportaxes, roldas de prensa, atención personalizada aos medios, clipping dixital de medios, reforzo promocional en redes sociais e web, coordinación con gabinetes de comunicación e análise do impacto da actividade realizada.

Resultados:

Así ao longo do ano, a presenza de Cegasal foi maior nos medios dixitais, radiofónicos e televisivos así como en redes sociais e internet. Resultados que poden observarse na documentación anexa adxunta a esta memoria, incluíndo imaxes, enlaces ás entrevistas, notas de prensa difundidas.

Actividades de web e redes corporativas

Actualización permanente de contidos e sala de prensa de páxina web.



Actualización permanente redes Sociais (Facebook, linkedin, youtube, Twiter)

Servizos profesionais de fotografía

Como complemento ás accións de visibilización no programa de promoción de centros especiais de emprego, concertamos con profesionais especializados a realización de reportaxes fotográficos para cubrir os eventos principais de Cegasal, así como cubrir as demandas de imaxe dos distintos centros asociados e dotalos de recursos gráficos, tanto para Cegasal como para os propios centros especiais de emprego para que poidan reutilizalos en outros formatos.

Cegasal utiizará estas imaxes a fin de conseguir maior impacto nas súas actividades, dar maior difusión e visibilizar aos centros asociados, e utilizará os mesmos nas ferramentas que poña a súa disposición, principalmente na páxina web e redes sociais, presentacións públicas, powerpoint internos, guía de empresas e noutros materiais que dispuxo adquirir.

Ditos servizos foron concertados co profesional Diego Silva Gómez, que conta cos coñecementos, habilidades e sensibilidade cara o mundo da discapacidade axeitados ás esixencias de Cegasal, evitando mensaxes paternalistas, asistencialistas e promovendo imaxes en positivo.

A continuación, unha mostra das reportaxes fotográficas realizadas:



Vídeos promocionais de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro:

Cegasal contratou a elaboración de dous vídeos promocionais de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro, a fin de continuar a liña de actuacións de promoción do mercado protexido de iniciativa social. Ditos vídeos que cumpren unha dobre finalidade serviron para promocionar no mercado a cada empresa pero tamén serviron de ferramenta para dar a coñecer entornos laborais axeitados para as persoas con discapacidade que non atopan emprego na empresa ordinaria.

A metodoloxía seleccionada partiu da busca de profesionais con sensibilidade no eido da discapacidade que transmitisen confianza e dinamismo a cada un dos sectores empresariais, poñendo en valor o bo facer de cada iniciativa. Elixiuse a empresa de audiovisuais EDICCIÓN RUSA, como unha empresa con recoñecido prestixio que ten abordado a elaboración de vídeos tanto de xeito social como empresarial, así como pola ampla traxectoria nos traballos previos que presentou. Económicamente foi a oferta máis económica.

Se ben Cegasal coordinou a actuación e marcou algunhas pautas, facilitouse a cada empresa a autonomía necesaria para que o resultado obtido fose o máis útil posible nas súas presentacións e relacións comerciais.

Os centros especiais de emprego sin. ánimo de lucro seleccionados foron **Artegalia e Grafinco**, a fin de continuar a liña de actuacións de promoción do mercado protexido de iniciativa social.



Ditos vídeos que cobren unha dobre finalidade serviron para promocionar no mercado a cada empresa pero tamén serviron de ferramenta para dar a coñecer entornos laborais axeitados para as persoas con discapacidade que non atopan emprego na empresa ordinaria.

Ditos vídeos están a disposición na páxina web da entidade www.cegasal.com

Nos vídeos queda reflectido o apoio económico que ofrece a Consellería de Economía, Emprego e Industria para a súa elaboración ao estar integrado no marco desta convocatoria.

As necesidades e características de cada centro especial de emprego fai que cada un dos vídeos teñan unha identidade propia, axustándose ao sector ao que pertencen.

OUTRAS ACTIVIDADES

Actividades de información , asesoramento e xestión asociativa

Durante o ano 2018 realizáronse actuacións de información, asesoramento e acompañamento, a través da realización de:

- Xestións de resolución de consultas recibidas;
- Elaboración de propostas de temas que poden mellorar a viabilidade do sector;
- Remisión de Dossier informativo e circulares informativas a centros especiais de emprego asociados;
- Localización e difusión de normativa, licitacións públicas e outras temáticas de relevancia para o sector.
- Xestión de *curricula* dando eficacia ao convenio de colaboración de CEGASAL con entidades colaboradoras co Servizo público de emprego.
- Accións de promoción da cota de reserva 2% e adopción de medidas alternativas, así como promoción do emprego das persoas con discapacidade na empresa ordinaria.

Xestión de currícula

Ao longo do período destacamos a xestión de currícula recibida, cun total de 25 novos demandantes de emprego. Aqueles que indicaron posuír a condición de persoa con discapacidade, é remitido a servizos especializados como as entidades colaboradoras dos servizos de públicos de emprego, axencias de colocación, e/ou no seu caso, á empresa de traballo temporal especializada en discapacidade, centro especial de emprego de iniciativa social asociado, ACTIVA SOCIAL, E.T.T., S.L. cos que traballamos.

Durante 2018 houbo 1045 insercións en CEEis e 965 persoas insertadas.

Actividades de prospección

En Cegasal continuouse a realizar actividades de prospección e análise da evolución dos centros especiais de emprego e do sector, así como do mercado laboral das persoas con discapacidade ou á evolución económica e política do país.

